



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 1 DE SETEMBRO DE 2023**

PRESIDENTE ACCIDENTAL:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

MEMBROS:

ISMAEL DURAN BEREIJO
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTON BRAGE

INTERVENTORA:

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:45 horas do día 1 de setembro de 2023, réunese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 18.08.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 18.08.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000040

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente en data 29.08.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 01.09.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000040**

OBXECTO:	REHABILITACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS.
PROMOTOR/A:	
CONSIDERACIONES URBANISTICAS:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	SOLO URBANO CONSOLIDADO
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	80.575,00
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto básico e de execución rehabilitación de vivenda unifamiliar Rúa Real 50 Data documento: agosto 2023
DIRECTOR DA OBRA:	Arquitecto Iván Rivas Rico, Nº Colexiado: 3.117 COAG
DIRECTOR EXECUCIÓN:	Arquitecto Técnico Santiago Boo Amar, Nº Colexiado: 2.779 COATAC
COORDINADOR DE SE Y SA:	Arquitecto Técnico Santiago Boo Amar, Nº Colexiado: 2.779 COATAC
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Consta Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia, autorizando as obras, con número de expediente 3289/22 de data 08/03/2023.
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 10.08.2023)	CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020 CONDICIÓN PARTICULARES LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: A documentación aportada e completa correspondente ao Proxecto básico e de execución e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar: Autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dun proxecto de control e seguimento arqueolóxico asinado por técnico competente. - Cumprirse o condicionado da/s autorización/s sectoriais.

Visto o informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal de data 10/08/2023.

Visto o informe xurídico de procedemento e lexislación aplicable da Técnico de Administración Xeral de data 29/08/2023.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :



1º) Conceder a excepcionalidade, en cumprimento do Decreto 29/2010, de Habitabilidade de vivendas de Galicia, e dar traslado do acordo á Dirección Xeral do IGV, das seguintes determinacións das NHV:

- I.A.2.3. Programa mínimo, que cumpre o suposto exposto na letra e do apartado 1 do título II.3 do Anexo II das NHV.

- I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas, que cumpre o suposto exposto na letra f do apartado 1 do título II.3 do Anexo II das NHV.

- I.A.3.2.2.2. Almacenamento xeral, que cumpre o suposto exposto na letra e do apartado 1 do título II.3 do Anexo II das NHV.

- I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño, que cumpre o suposto exposto na letra e do apartado 1 do título II.3 do Anexo II das NHV.

- I.A.3.3. Espazos de comunicacións, que cumpre o suposto exposto na letra e do apartado 1 do título II.3 do Anexo II das NHV.

2º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 10/08/2023.

3º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7º) Notificar o presente acordo á persoa interesada”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 5.3 A) DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO. EXPEDIENTE: 2023/G006/000209



Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 31.08.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 5.3 A) DA ORDENANZA REGULADORA DA TXA POLA RECOLLIDA DE LIXO.

Expediente: 2023/G006/000209

ANTECEDENTES

Primeiro. Os que constan nos expedientes seguintes, relativos todos eles á aplicación da exención prevista no artigo 5.3a) da Ordenanza reguladora da taxa pola recollida de residuos que contempla a baixa por un prazo máximo de tres anos das vivendas nas que se acredite, mediante informe técnico, que non cumpren condicións de habitabilidade:

2022/X999/000052

2022/X999/000285

2022/X999/000286

2021/X999/000454

Segundo. Constan nos expedientes informes do arquitecto técnico municipal Marcos Fernández Vieito no que conclúe que “a edificación NON se atopa en condicións para ser habitable”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.



II.C. O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberá renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberá achegar igualmente o informe técnico que o acredite.

A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fíxa de 20,00 “

III. Os expedientes contan con informe técnico municipal que conclúe as condicións de non habitabilidade das vivendas obxecto das solicitudes.

A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabilitabilidade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.

Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2023, 2024 e 2025 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2023, 2024 e 2025 os recibos cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO
253000645702			
253000644373			
253000645338			
253000644400			

SEGUNDO. ANULAR os recibos seguintes:

NÚMERO FIXO	ID. DE VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO
253000645702				
253000644373				
253000645338				
253000644400				

TERCEIRO. NOTIFICAR o presente acordo aos interesados.

CUARTO. COMUNICAR o presente acordo á Deputación da Coruña aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 16.01.2023, P.A. 102/2022 DE MARIA



CARMEN GARCIA TOJEIRO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000011)

Vista a proposta da Alcaldía accidental, asinada dixitalmente con data 31.08.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 16.01.2023, P.A. 102/2022 DE MARIA CARMEN GARCIA TOJEIRO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000011)

Visto que con data 10.02.2023 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 16.01.2023 (rex de entrada nº 20230000000363, de data 06.02.2023), en relación co procedemento abreviado P.A. 102/2022 de María Carmen García Tojeiro contra o Concello de Cedeira.

Visto o oficio do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 31.07.2023 (rex de entrada nº 20230000002670, de data 11.08.2023) no que se comunica que a sentenza estimatoria de data 16.01.2023 ten o carácter de firme.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para a incoación do expediente para a aprobación do gasto.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

5. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 22.06.2023, P.A. 124/2022 DE MARIA CRISTINA BECEIRO MONTERO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000013)

Vista a proposta da Alcaldía accidental, asinada dixitalmente con data 31.08.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 22.06.2023, P.A. 124/2022 DE MARIA CRISTINA BECEIRO MONTERO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000013)

Visto que con data 21.07.2023 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 22.06.2023 (rex de entrada nº 20230000002206, de data 29.06.2023), en relación co procedemento abreviado P.A. 124/2022 de María Cristina Beceiro Montero contra o Concello de Cedeira.



Visto o oficio do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 31.07.2023 (rex de entrada nº 20230000002683, de data 16.08.2023) no que se comunica que a sentenza estimatoria de data 22.06.2023 ten o carácter de firme.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para a incoación do expediente para a aprobación do gasto.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 415/2023 DE DATA 24.08.2023 APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO IX CERTAME DE PINTURA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 415/2023 de data 24.08.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO IX CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA

Conforme ao previsto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, o municipio ten competencia en materia de promoción da cultura.

En base ao anterior, o Concello considera de interese a convocatoria do IX Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2023 figura unha partida para premios de cultura na partida 334.480.00, establécense nas Bases do presente Certame premios por un importe total de 1.800 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) nº 220230007596.

A competencia para a aprobación da convocatoria e das súas bases correspóndelle á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, decreto 345/2023 de data 10.07.2023.

Ante a necesidade de aprobar a convocatoria e as bases do IX Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira con carácter previo á realización do mesmo, previsto para o día 27.08.2023, compre avocar a competencia.

Polo exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia para aprobar a convocatoria e as bases do IX Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira.



SEGUNDO.- Aprobar o gasto para a convocatoria do IX Certame de Pintura Rápida o Ar Libre Vila de Cedeira por un total de 1.800 euros na partida 334.480.00.

TERCEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria, que se incorporan como anexo á presente resolución.

CUARTO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

ANEXO

BASES: IX CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA.

27 de agosto de 2023

1ª. - Poderán participar neste certame tódolos/as artistas que o desexen. Cada participante só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, e o espazo físico no que se realicen debe ser no entorno que abrangue o paseo marítimo, a praia da Madalena, o paseo da Mariña, zona do río Condomiñas, praia da Area Longa, casco vello e Porto de Cedeira. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural, non podendo utilizarse para tal fin fotografías tomadas con antelación.

Os/as pintores/as deberán mandar vía whatsapp ao número 649876614 a localización do lugar onde vaian realizar a súa obra.

3ª. - O certame terá lugar o domingo 27 de Agosto de 2023. As inscricións realizaránse o mesmo día do certame de 9.00h. a 11.00h. no posto de turismo e información situado na rúa Ezequiel López e serán gratuítas.

4ª. - Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se expoñerá a súa obra posteriormente.

5ª. - O soporte non superará as medidas de 100 x 81 cm., e presentarse o día do certame de 9:00 a 11:00 h. da mañá no posto de inscrición (punto 3) para ser selado.

6ª. - O tempo para presentar as obras rematará as 17:30 horas e realizarase no control establecido na sala Áncora na praza Roxa, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:30 horas. As obras participantes permanecerán en exposición na propia sala, ou no exterior en caso de que as condicións climatolóxicas o permitan, ata as 20:00 h. Os participantes con cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras durante o tempo de exposición asinándoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe.

7ª - O xurado que avaliará as obras está composto por profesionais das artes plásticas, sendo os seus membros os seguintes:

Presidente: José Antonio Rodríguez Arribe – concelleiro de cultura

Vogal: Marta Pérez Durán - pintora

Secretario: Andrés Urrutia Beato - pintor

8ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Cedeira, así como os dereitos de reprodución.

9ª. - Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º. - 800€ e diploma

2º. - 600€ e diploma

3º. - 400€ e diploma



10ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 649876614

11ª. - A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 426/2023 DE DATA 30.08.2023 CORRECCIÓN DE ERROS. EXPEDIENTE 2023/G007/000016

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 426/2023 de data 30.08.2023, que di:

“RESOLUCION DE ALCALDIA

Asunto: Corrección de erros. Expediente 2023/G007/000016

Visto o acordo número 5 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 18/08/2023 e que leva por título “5.- APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-39”.

Constatada a existencia dun erro no apartado primeiro da parte resolutiva consistente en unha duplicidade de factura con idéntido contido

En aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015 de 01 de outubro, de procedemento administrativo común que di no seu apartado segundo que “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

A competencia para a aprobación das facturas correspóndelle á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, decreto 345/2023 de data 10/07/2023

Avocando a competencia da Xunta de Goberno Local por razóns de índole técnico a fin de non prexudicar os intereses dos afectados en canto a poder realizar o pagamento das facturas o antes posible para evitar consecuencias no retraso dos pagamentos.

Polo exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia para rectificar o acordo número 5 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 18 de agosto de 2023 e que leva por título “5.- APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-39” no cadro do apartado primeiro punto, eliminando a liña duplicada e quedando como segue:

“Primeiro.- Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:



Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/1817	20238-0085	19/04/2023	B63350797	INNOVA22ARROBA S.L	Proyector Epson EB-PU2010B + Lente estándar (Identificador del objeto facturado: Proyector para el auditorio	920	62500	13.046,22 €
F/2023/1838	23 401	30/06/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE JUNIO DE 2023	1621	22700	39.873,76 €
F/2023/2053	2023/1802	30/06/2023	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Xuño 2023 (AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA)	1623	22799	15.190,82 €
F/2023/2084	FF 724	30/06/2023	B15053952	DIEXFE SL	CIOALUMNA BALMES S 3,7M +1L TOP 50+3UD GRAN VIA TOP 60 16V 4000K F2M2 PMMA LC P075 BLANCO 30W (FABRICANTE SALVI GARANTI	1532	63500	14.759,19 €
F/2023/2141	23 457	31/07/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE JULIO DE 2023	1621	22700	39.873,76 €
F/2023/2174	2023/1955	31/07/2023	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Xullo 2023 (AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA)	1623	22799	18.325,69 €
							TOTAL	141.069,44 €

Segundo.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

8. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

8.1 ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXPEDIENTE: 2022/X999/000154

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 31.08.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Expediente: 2022/X999/000154

Solicitud: (202190000001372) 18.10.2021

ANTECEDENTES

Datos ben inmoble:

Enderezo:

Ref catastr

Nº fixo recibo: 253000644026

Primeiro. Se presenta proposta de baixa ou rectificación de datos polo Servizo de Recadación da Deputación da Coruña referida ao inmoble anterior en canto o recibo non figura a nome do titular catastral. A proposta refírese á baixa do recibo nos exercizos 2017 a 2020, incluídos.



Segundo. Consta no expediente 2021X999000120, acordo de 09.08.2022 de anulación masiva de recibos, no que se inclúe a anulación dos recibos do número fixo obxecto da solicitude para os anos 2018, 2019 e 2020. Non se inclúe por erro o ano 2017.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos a 1 de xaneiro de 2017 do Rexistro Catastral de Inmobles así como os do recibo correspondente ao exercicio 2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 01.01.2016

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicarásen o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais



O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2017 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
6147614NJ7364N0005TP	AV EZEQUIEL LOPEZ 1	EIRA GALICIA	B70359666	PROP. (100,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para o exercizo 2017 non coinciden cos anteriores.

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2017 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000644026	20173515022RL01R004256			2017	140,00

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000644026	20173515022RL01R004256			2017	140,00

SEGUNDO. Comunicar estes acordos á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 13:55 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe accidental.

O PRESIDENTE ACCTAL

A SECRETARIA ACCTAL



JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

Mª DEL MAR ANTON BRAGE